



## O festival Sinsal SON Estrella Galicia 2022 amplía as actividades paralelas con exposicións, charlas e paseos guiados pola illa de San Simón

Xa están dispoñibles en Enterticket as entradas para asistir aos microconcertos en acústico que a illa de Santo Antón acollerá nas tardes do sábado 23 e domingo 24



**15 de xullo de 2022.-** O festival Sinsal SON Estrella Galicia 2022 avanza novidades da súa programación mais sen desvelar un dos mellores secretos gardados do verán: o seu cartel, que o público só coñece ao desembarcar na illa de San Simón. O evento, un dos encontros sonoros máis coidados e singulares do panorama musical estatal, celebrarase na fin de semana do 22 ao 24 de xullo na illa redondelá.

En paralelo á programación musical, Sinsal SON Estrella Galicia contará cunha chea de actividades para o público asistente. Ademais das anunciadas iniciativas en pedal surf, os microconcertos de Santo Antón ou os obradoiros familiares de reciclaxe, durante o festival poderanse visitar dúas **exposicións**, nomeadas '**A escola Sinsal: 20 ideas para presumir de vintage**' e '**Por que as tús**

**fillas escoitan trap?’**, que contarán con visitas guiadas e parladoiros. Por último, celebraranse **paseos pola illa** co artista **Xosé Lois Gutiérrez Failde** e con **Amarturmar**, a asociación cultural de mulleres e homes do mar de Cesantes.

## Exposicións

O público terá a ocasión de visitar, durante a súa estancia en San Simón, dúas exposicións na cafetería da illa. A primeira delas é **‘A Escola Sinsal: 20 ideas para presumir de vintage’**, que recolle o proxecto pioneiro e de divulgación sobre o rexistro sonoro da música posto en marcha por Sinsalaudio e que estivo vixente entre os anos 2008 e 2014. A exhibición percorre a historia do rexistro sonoro do suco de gravación **a través de máis de cincuenta obxectos**, agrupados en vinte ideas ou conceptos, da colección de Sinsalaudio. Na súa meirande parte son reprodutores e soportes de diferentes épocas e países, pero todos eles teñen no suco mecánico o principio físico común. A mostra estará aberta permanentemente ao público, mais **todos os días do festival, de 18.30 a 19.00 horas**, o comisario e co-director do festival, Julio Gómez, fará unha **visita guiada**. Para participar nesta actividade, recoméndase facer inscrición previa a través do email [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) co asunto **“Visita guiada A Escola Sinsal”**

A outra exhibición que terá lugar no mesmo recinto é **‘Por que as túas fillas escoitan trap?’**, unha aproximación á **historia da tecnoloxía musical**. A mostra parte dunha premisa: a chegada da electricidade cambiou tanto a composición como o son da música popular e clásica. A través de sintetizadores, caixas de ritmos, samplers ou efectos que marcaron diferentes etapas e estilos musicais -desde o Theremin até o Autotune-, dando ademais pé á creación de conflitos interxeracionais, expoñeráse como o acceso a esta tecnoloxía permitiu que, dun xeito máis independente ou mesmo accesible, numerosas artistas -sen posibilidade económica ou formación suficiente- tivesen capacidade para compoñer e crear novos estilos musicais.

Ao fío, **o sábado 23 de xullo, entre as 19.00 e as 20.00 horas, celebrarase un encontro con Mateo Mena**. O artista realizará unha introdución aos diferentes procesos de construción de instrumentos musicais electrónicos a través de deseños propios, nos cales combina técnicas e recursos dos campos da ciencia, a arte ou a artesanía, ilustrando a súa particular visión da “luthería electrónica”. Durante a charla poderán escoitarse algúns destes instrumentos. Para poder asistir ao parladoiro, recoméndase realizar previamente a inscrición a través do email [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) co asunto **‘Encontro con Mateo Mena’**. Ao día seguinte, o **domingo 24 de xullo**, no mesmo horario, haberá unha **demostración práctica do Theremin con Paulo Pascual**. O músico vigués amosará o funcionamento deste instrumento e as súas técnicas para xerar sons ou interpretar melodías. Para asistir á sesión, na que as e os participantes poderán experimentar e descubrir os seus segredos, é necesario realizar inscrición previa a través do correo electrónico [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org) co asunto **‘Theremin con Paulo Pascual’**.

En todos os casos a praza deberase confirmar ao desembarcar na illa, no punto de Administración de San Simón, para garantir a asistencia. De non ser así, as persoas que estean na lista de agarda obtarán ás prazas libres.

## Paseos guiados pola illa de San Simón

Na tarde do sábado 23, ás 16.00 horas, terá lugar un paseo por San Simón co artista, investigador e docente **Xosé Lois Gutiérrez Faílde**, que presentará 'Islario Marabilloso'. A través do camiñar e da contemplación, as e os participantes neste roteiro tecerán, en común, un imaxinario particular fiando os relatos e as memorias que compoñen a idea do lugar coa intención de **manter a fascinación, e tamén o conflito, na relación co territorio**.

O domingo 24, ás 16.00 horas, celebrarase un segundo paseo, nesta ocasión da man de **Amarturmar**, a asociación cultural de mulleres e homes do mar de Cesantes. Con este roteiro, Sinsalaudio propón botar unha mirada á enseada de San Simón **desde a experiencia cotiá das mariscadoras e pescadores da parroquia de Cesantes** (Redondela). O paseo favorecerá que o público coñeza a diversidade mariñeira do lugar, mais tamén a súa actividade económica, o papel da economía circular e, sobre todo, **como o cambio climático está a transformar os recursos naturais da zona**.

Para poder participar nestes paseos Sinsalaudio recomenda facer unha **inscrición previa a través do email [info@sinsalaudio.org](mailto:info@sinsalaudio.org)**, co asunto "Paseo Islario Marabilloso" (sábado 23) ou "Paseo con Amarturmar" (domingo 24), mais a praza deberase confirmar, definitivamente, no punto de Administración da illa de San Simón; de xeito que as persoas interesadas en participar e que estean en lista de agarda poidan optar á praza se finalmente a reserva non se confirma.

## Entradas á venda para Santo Antón Acústico

Entre as actividades paralelas que se celebrarán atópanse os microconcertos en acústico para público reducido, nomeados '**Santo Antón Acústico**', no que participarán dúas agrupacións galegas de música clásica, o que incide na diversidade estilística que forma parte da filosofía do festival impulsado por Sinsalaudio. Os concertos (cada xornada cunha formación distinta) terán lugar **nas tardes do sábado 23 e do domingo 24 na illa de Santo Antón**. Por mor da capacidade limitada destas actuacións, só accesibles para quen xa posúe abono ou entrada de día ao festival, **Sinsal abre, a través da plataforma Enterticket, a venda de billetes para estes pases** (2 euros cada un), coa intención de favorecer as persoas con interese na actividade poidan garantir a súa asistencia. Aquelas que prefiran mercar as súas entradas ao desembarcar poderán facelo no posto de Administración sempre que queden billetes dispoñibles.

## Sinsal SON Estrella Galicia 2022

Sinsal SON Estrella Galicia celebra no 2022 o vixésimo aniversario da súa actividade musical. Desde os seus inicios, a promotora viguesa Sinsalaudio impulsou un evento cultural para **visualizar as artistas emerxentes e próximas á creación contemporánea** da escena galega e estatal, mais tamén con espazo para bandas do ámbito internacional; artistas que, máis adiante, formaron parte de carteis de grandes festivais e de salas de concertos de todo o mundo.

Ao longo destas dúas décadas, Sinsalaudio xerou un **ecosistema único no panorama de eventos musicais** e, **desde 2010, celebra o Sinsal SON Estrella Galicia na illa de San Simón**, do que

salienta o seu cartel: un programa secreto para as e os asistentes ateigado de creacións estimulantes e vangardistas. Na súa edición de 2022, na que celebra o seu viséximo aniversario, Sinsal SON Estrella Galicia mantén o seu tradicional cartel secreto. Serán **tres xornadas de directos con propostas musicais contemporáneas e diversas, tanto no estilo coma na orixe das artistas.**

Como peche da desta edición, Sinsal anunciou a semana pasada a programación dun **concerto extra nos estaleiros vigueses Cardama Shipyard** na noite do luns 25 de xullo. Tanto para este evento como para os concertos de San Simón as entradas están esgotadas.

Sinsal SON Estrella Galicia 2022 é un evento promovido por Sinsalaudio que conta co patrocinio principal de Estrella Galicia e co institucional de Deputación de Pontevedra, de Turismo Rías Baixas, de Xunta de Galicia a través de FEST Galicia, de Ministerio de Cultura e Deporte a través do INAEM e de Acción Cultural Española a través do programa PICE; ademais da colaboración do Centro Cultural Coreano e Tempi.

## Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

[prensa@sinsalaudio.org](mailto:prensa@sinsalaudio.org)

## Sala de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

<http://festival.sins.al/gl/prensa>

## festival.sins.al

ORGANIZA

**SINSALAUDIO**

PATROCINADOR PRINCIPAL

**SON**  
Estrella Galicia

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

X riasbaixas

FEST GALICIA

XUNTA  
DE GALICIA

Xacobeo  
21-22

INAE  
MINISTERIO DE CULTURA  
Y DEPORTE  
INAEM

AC/E  
ACCION CULTURAL  
ESPAÑOLA

한국문화원  
Centro Cultural Coreano

Tempi

COLABORAN

Chef  
Maestro

PLATU  
GALICIAN MEDITERRANEAN

COSFERLA  
P R O D U C T O R S

GADIS

K  
LABELES

Master

LABELES